

Celso Emilio Ferreiro na lembranza (Conversa con X.L. Méndez Ferrín)

Xosé M. Salgado

O nome de Celanova aparece estreitamente vencellado a tres grandes figuras das nosas letras: Curros, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. Celanova constituiu para eles un reclamo, un profundo reclamo da memoria, a atracción dun mundo remoto que refixeron vivo e actual.

E en Celanova, na "Taberna do Galo", hoxe, dez anos despois da morte do autor de Longa noite de pedra, Xosé Luis Méndez Ferrín fai unha semblanza do home, do escritor, do amigo e do mestre inesquecible que para el foi Celso Emilio Ferreiro.

- *¿Cando coñeces a Celso Emilio?*

- Coñezoo en Vigo sendo el Procurador dos Tribunais e meu pai xuíz, de maneira que había unha relación profesional que me fixo coñecelo ós dezasete anos cando eu viñen vivir para Vigo. Cando meu pai foi de xuíz para Vigo, reanudouse unha vella amizade familiar, que vén durando dende o século XIX entre a súa familia e maila miña. Meu pai, de quen era máis amigo, era dun dos irmáns maiores de Celso Emilio, de Pepe que exercía, á súa vez, como Procurador aquí en Celanova.

- *¿Non coincidiras antes con el en Pontevedra?*

- Non. Cando eu chego a Pontevedra, el xa non estaba alí daquela; xa se trasladara para Vigo. Dáte conta de que eu fun para Pontevedra no ano 50 e, nese mesmo ano, el foise vivir para Vigo.

- *¿Viádesvos en Celanova?*

- Esporadicamente, porque aínda que el tiña casa alí, onde vivían algúns dos seus irmáns, ía de cando en vez. Algunha vez coincidíamos pero o certo é que en Celanova estivemos xuntos en contadas ocasións.

- Cando eu o coñecín era un individuo que estaba na forza da idade; moi brillante conversador, moi simpático, “bon vivant”, amante da boa mesa,...Gustáballe a vida, gustábanlle moito as mozas, aínda que foi sempre un home moi namorado da súa muller e con razón, porque Mora, amais de ser moi intelixente e moi boa persoa, amais diso, sempre foi moi bo tipo, moi guapa,...

- *Moi estilosa...*

- ¡Si...! E Celso Emilio era o prototipo de home da súa casa, de familia moi feliz e cunha certa aura de triunfador na vida.

Pero en Celso Emilio, baixo ese aspecto de contador de anécdotas -era moi ocorrente, moi cantador, cantaba moi ben as cancións vaqueiras, a dúo coa súa muller-, no fondo era un home cunha grande acedume, cunha grande frustración, frustración de raíz ética e política ocasionada pola guerra. Aparece constantemente na súa poesía antibelicista o sentimento de ter perdido o paraíso, o que foron as súas ilusións políticas de mocidade. ¡Iso sempre estaba dentro del coma unha especie de cardo que lle nacera na alma!

- *No ano 1964, ámbolos dous participades na fundación da U.P.G. ¿Estabades tan próximos nos vosos planteamentos políticos?*

- Evidentemente. Eu creo que dende que escribe *Longa noite de pedra*, Celso Emilio Ferreiro está instalado nese proceso de converxencia entre marxismo e galeguismo, no que estaba eu tamén. Outros, como foi por exemplo o caso de Beiras, o oculista, inesquecible compañeiro de xeración de Celso Emilio Ferreiro, orientáranse cara o P.C. E Celso Emilio tamén estivo a piques de seguir por este vieiro, mesmo asistiu a unha xuntanza co P.C. en París, de cara a constitución do P.C.G., pero logo trocou de rumbo e viu que había que tentar unha vía propia que era o que se estaba planteando a U.P.G.

- *¿Foron realmente as necesidades económicas as que o levaron a “troca-los eidos patrios polos lares alleos”?* ¿Estaba, como dicían, tan necesitado?

- Celso suscitou moitas enxexas e levantáronselle moitas calumnias porque era un home que daba moito, era moi simpático, moi xeneroso e os espíritos mesquiños non perdoan a xenerosidade. Doíase moito desas xenreiras inxustificadas e, ás veces, reaccionaba de forma moi contundente: zumbáballe un poema de escarnio e maldizer a calquera que o deixaba tépedo para sempre. ¡Era tremendo nese aspecto! Pero érao porque era moi sensible e porque lle doían moito as traicións dos amigos.

- *¿Pero cres que na súa marcha a Caracas xogou moito a cuestión económica?*

¡Non tiña outra razón para marchar! O despacho de Procurador tiña moi desatendido porque, evidentemente, Celso non tiña vocación para iso e, como dixo Mora :”A grandes males, grandes remedios”. E... á emigración.

- *Tes manifestado con asiduidade, que o banquete de despedida que se lle dá a Celso Emilio no “Hotel Roma” de Ourense, o 15 de maio de 1966, converteuse*

no acto político máis importante da posguerra. ¿Que recordas daquel xantar de despedida?

- Todo el. Aquel banquete foi o feito político que definiu a aparición dunha nova forma de resistencia contra o franquismo: é a irrupción do nacionalismo de esquerdas. Alí interviñeron Otero Pedrayo, Xosé María Castroviejo, Emilio Álvarez Blázquez... Coido que falou tamén un estudante do P.C., Arturo Reguera, e...moita máis xente que non me lembro. ¿Está por aí a lista, non? Estiveron presentes as grandes figuras intelectuais do momento. E alí estivo Otero Pedrayo, que demostrou de forma moi clara, que el non era un xoguete nas mans de García Sabell nin de Piñeiro, coma eles pensaban, e que el tiña que estar alí presente para saudala aparición desa nova dimensión do nacionalismo de esquerdas. E estivo presente e fixo un canto -¡jestouno oíndo!-, á sublevación paisana de Castrelo de Miño, que foi coreado con grandes aplausos. Otero demostrou que non era nin un xoguete nin un fantecho gobernado polo grupo de Galaxia; el encargouse diso, fíxoo adrede, foi moi claro.

- Amais dos intelectuais de elite, teño entendido que asistiu ó banquete unha representación dos labregos...

- ...Labregos e obreiros. Asistiu, efectivamente, unha representación moi nutrida dos labregos de Castrelo de Miño, que estaban en plena loita contra FENOSA e, en realidade, o banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro converteuse sobre a marcha e co consentimento de Celso Emilio, por suposto, programado tamén por el, nun acto de protesta contra as expropiacións de Castrelo de Miño. E alí estaban os de Castrelo de Miño, e estaban tamén vellos militantes obreiros da zona de Celanova, de Vilanova concretamente, alí estaba "Tantino" e outros comunistas históricos.

Este acto fíxose por decisión do cumio central da U.P.G., e os encargados de preparalo foron Luis Soto e Amadeo Varela, un avogado que estaba daquela na U.P.G. e que defendía ós afectados de Castrelo de Miño.

- ¿Segues en contacto con Celso cando este está xa en Caracas?

- Mantéñome en permanente contacto con el e axúdolle a distribuí-los seus versos de "Aristides Silveira" en Galicia; os seus versos contra os ananos, contra os seus inimigos políticos, que son os meus, claro. Ademais houbo que saír ó paso dunha segunda campaña de desprestixio contra Celso Emilio, lanzada por Borobó na revista "Chan", na cal, por certo, participou de forma un pouco inxenua, algún querido amigo meu.

- ¿Pepe Fernández Ferreiro...?

- Si..., pero vamos, creo que foi unha equivocación pola súa parte. Dende logo, Borobó foi un dos que lanzaron a campaña contra Celso Emilio Ferreiro e houbo que saír ó paso diso.

- Na biografía que Alonso Montero fixo do poeta, aparece alí un anaco dunha carta túa dirixida a Celso Emilio, na que, amais de mostrarlle a túa solida-

riedade, dislle que se esquenza de todo, menos dos amigos.

- Non me lembro desa carta, pero vamos, esa carta debeu existir, porque houbo moitas cartas nese sentido. De todas maneiras, a biografía que Alonso Montero fixo de Celso Emilio non é fiable, non porque teña mala intención Alonso Montero, senón porque é pouco escrupulosa nas fontes. Alonso comenza por dicir que Celso Emilio era fillo de labregos, cando en realidade, era fillo da burguesía rendista e acomodada.

Volvendo ó que che dicía antes, houbo moitas cartas miñas nese sentido porque Celso Emilio pasou momentos moi amargos e foi obxecto de persecución cáseque policial, de denuncias e de acusacións, mesmo por parte de elementos do P.C.; concretamente, Xerardo Moscoso, o cantante, foi un dos que violentamente o perseguiron. Acusábanlo de que, dende o despacho que el tiña na Hermandad Gallega, saía a propaganda da U.P.G. e mesmo chegaron a violenta-la porta por ver se había alí panfletos. En realidade, non nese despacho senón na súa casa, con Farruco Sexto, co seu fillo Luis e cos amigos máis achegados e correligionarios, Celso Emilio preparou moitos carteis, moitos “Terra e Tempo” e moita propaganda. En Caracas, el era a alma da U.P.G., e a U.P.G. de Caracas, xunto coa de México, eran os pulmóns que facían posible unha propaganda impresa. Celso foi acusado de todo iso e, tanto as dereitas coma o P.C., lanzaron contra el unha verdadeira persecución política.

- Así lle pagaron a Celso Emilio os cantantes de “Voces Ceibes” ...

- Soamente foi este Moscoso o que participou na represión contra Celso Emilio Ferreiro; os outros sempre lle quixeron moitísimo e non hai nada que dicir deles.

- Cando el volve, distanciada xa da U.P.G., ¿seguides mantendo boa relación?

- No ano 73, cando el volve, eu xa estaba distanciada tamén da U.P.G. Por eses anos, eu xa vía que a U.P.G. ía moi mal; o sectarismo pequeno burgués de Paco Rodríguez e de toda esa xente que é a que agora manda no tinglado, xa estaban facendo das súas e entón eu preferín concentra-lo meu traballo no eido sindical, porque como non lle daban importancia, alí non me viñan a molestar. De maneira que con Celso Emilio continúei en excelentes relacións, ora ben, o que pasaba é que non nos viamos case nunca porque el foi vivir para Madrid. Algunha que outra vez nos viamos en Celanova, pero vamos, estivemos moi pouco tempo xuntos.

- En 1974, Celso Emilio, supoño que despois de consultas previas, acepta a dirección da Aula de Cultura do Ateneo de Madrid, institución que, precisamente, non se caracterizaba polo seu sentido democrático. ¿Como enxuicias ti este feito?

- Paréceme unha anécdota sen importancia; unicamente cando se quere perseguir a unha persoa se lle van buscando este tipo de historias. Eu penso que el entrou alí para facer un labor positivo, para poder aproveitarse dunha plataforma e poder levar a moita xente alí a dar conferencias; é máis, coído que ese cargo ata non era retributivo.

A min chamoume por teléfono para preguntarme se debía aceptar ou non. “¿Que pensará a U.P.G.?” díxome. “Eu -contesteille- xa non teño tratos con ela”. Tamén falou con Cribeiro e dáme a impresión que lle debeu contestar máis ou menos o mesmo. ¡Ninguén o presionou para que non aceptara! Eu dende logo, non o fixen.

- Todo isto vén a conto porque, sendo Celso Emilio xa director da Aula de Cultura Galega, a directora do Ateneo, a hoxe eurodiputada polo Partido Popular, Carmen Llorca, fixo unhas declaracións en contra das linguas minoritarias no sentido en que debían ser suprimidas. Consecuencia disto, dimitiu o director da Aula de Cultura Vasca, o director da Aula de Cultura Catalana, Miquel Dolç, e Celso Emilio Ferreiro seguiu no seu posto.

- Os galegos non temos por que facer todo o que fagan os cataláns e os vascos. Se el considerou oportuno non facer o que fixeron os cataláns e mailos vascos, pois fixo moi ben. É dicir, aí hai un pouco de papanatismo: se o fai Miquel Dolç que, dende logo, non é quen nin política nin culturalmente a desamalloarlle os zocos a Celso Emilio Ferreiro, Celso non tiña por que seguir por ese vieiro que marcaran os cataláns e os vascos; aparte que o vasco, ¡non sabemos nin quen era! Ó mellor, igual era un tipo deses do P.N.V. ou...; vai ti a saber quen era o vasco ese...!

- O 31 de Agosto de 1979, Celso Emilio morre en Vigo. A súa Celanova natal acolle os seus restos, sucedéndose alí escenas do máis puro surrealismo.

- Foi culpa nosa, culpa dos amigos. O primeiro que había que facer era impoñérselle á familia, non permiti-lo enterro católico, porque Celso Emilio non era un crente; podía ter unhas vagas crenzas, que iso nunca se sabe, pero vamos, era un anticatólico. E á familia, creo que se se lle plantearan as cousas seriamente, dunha forma coherente, estaría disposta ¡como non!, a un enterro civil. O que pasa é que ninguén llas planteou debidamente.

- Falemos un pouco do Celso escritor. ¿Que valoración global farías ti da obra de Celso Emilio?

- Eliot dicía que un poeta non pode ter máis de cen poemas bos. Eu penso que ós cen poemas, deses realmente bos, totais, ninguén puido chegar. E a obra de Celso Emilio é unha das máis dilatadas da poesía galega; Celso é un dos autores con máis obra, menos que Manuel María, menos que Cabanillas, ou quizais ó nivel de Cabanillas, pero, dende logo, máis cós outros poetas galegos. E como ocorre con toda obra ampla, pois ten altos e ten baixos.

Celso Emilio ten para min moitos valores, tamén ten moitos rexistros diferentes. Un moi importante para min é a poesía que fai ás veces do mundo perdido da infancia, centrada no paraíso de Celanova. Aproxímase moito e con enorme dignidade, a determinada sensibilidade de Díaz Castro, utilizando moitas veces un determinado verso branco que lle dá un certo clasicismo á descripción das paisaxes nativas. Logo, ten outra dimensión moi notable: a de poeta amoroso. Os seus poemas a Mora...

- *¿Os do libro Al aire de tu vuelo, quizais?*

- Eu refírome ós poemas amorosos de última hora, os do libro *Onde o mundo se chama Celanova*. Aí hai uns poemas adicados á súa muller, que son un modelo de poesía de madurez, de amor maduro, realmente espléndidos. Despois ten aqueloutra dimensión, que é a dimensión crítica, de crítica de carácter moral que fai tan ben, que vén sendo algo así coma o sirventés moral da Idade Media e que fai del un poeta político insuperable. ¡Endexamáis cae nos defectos da chamada “poesía social” española! Nunca cae na ideoloxía popularista dun Celaya, por exemplo, senón que sempre ten un grande rigor. Celso Emilio é o único poeta galego claramente anticapitalista e marxista, e esa palabra liberadora poucos poetas a dixeron con tal claridade política e, tamén, con tal calidade poética coma el. Están despois as chamadas á defensa da lingua, esa “lingua proletaria do meu pobo”, que o converten no primeiro poeta que fai unha defensa política e revolucionaria da lingua, incorporando os grandes ideais da revolución e facéndoo, ademais, con eficacia.

Logo ten outra dimensión moi importante: a sarcástica.

- *Como ocorrera noutro tempo con Quevedo, existía a crenza de que calquera poema de corte sarcástico que circulaba clandestinamente tiña a súa orixe na man de Celso Emilio Ferreiro. ¿Escribía tantos poemas sarcásticos coma os que se lle atribuían?*

- Escribiu moitos e...escribiu tamén moitos sonetos en castelán. O mellor de todos escribiullo a Franco: *Al cabrón del Pardo*:

Cabrón por los costados y entresijos,
cabrón por tu mujer y por tus hijos...

¡Non o sei de memoria...! Pero remata algo así como:

pero más cabrón es todavía
el pueblo cabrón que lo soporta.

¡Facía uns sonetos quevedescos en castelán, preciosos! E case sempre os facía contra a xente que realmente os merecía; algunha vez trabucouse, pero non foron moitas.

- *¿Lembra-la primeira obra que liches de Celso Emilio?*

- Perfectamente. Non sei se te decatás de que, na Literatura Galega actual, somos todos da mesma xeración. ¡Celso é da miña xeración! De maneira que o primeiro libro de Celso en galego é *O soño sulagado*, un libro que aparece tres anos antes do meu *Voce na néboa*. Eu téñoo na miña casa, deumo dedicado o propio Celso Emilio o día que saíu.

De maneira que Celso Emilio Ferreiro foi escribindo a súa obra ó tempo que eu escribía a miña. ¡Pero iso pasa con Cunqueiro, tamén, e comigo mesmo! Eu son un escritor en galego máis vello que Domingo García Sabell e calquera de nós, vamos: Franco Grande, Cribeiro e non digamos xa Manuel María, un poeta anterior a Celso Emilio, por exemplo. Pero isto ocorreu, como sabes, polas circunstancias da guerra e polo lapsus que alí houbo.

- *Manifestas no teu estudio sobre a Poesía galega de posguerra que Viaxe ao país dos ananos contén os versos máis madurecidos de Celso Emilio Ferreiro. ¿Reafirmaste nesa consideración?*

- Hai versos aí que son dunha madurez e dunha forza tremenda. ¡É un gran libro! Aí está o seu galego máis depurado e máis quintaesenciado.

- *Aínda que teñades estéticas distintas, ¿non pensas que unha parte da túa poesía ten certas semellanzas coa de Celso? ¿Pensas que Celso Emilio exerceu algunha influencia sobre ti?*

- Quizais a temática política de ámbolos dous ofrezca algunhas semellanzas, pero vamos, eu nunca souben facer ese sarcasmo que tan ben dominaba Celso Emilio. E despois, claro, había cousas en Celso Emilio que estaban moi distantes en min, que eran da súa formación e que a min me chegaban de lonxe; a presenza, por exemplo, dun certo surrealismo alucinado que hai en Celso Emilio de cando en vez, sobre todo nos poemas antibelicistas, iso a min é algo que nunca me impresionou moito, como tampouco determinados *tics* e determinados elementos estilísticos, que proceden da *Xeración do 25*, lorquianos ou amado carballescos e que tamén aparecen con determinada frecuencia en Celso Emilio. Posiblemente iso impediulle que tivera ás veces un eco máis profundo en min a súa poesía; agora ben, pode haber un influxo, ¡como non! En cada época influímonos uns nos outros.

- *Falando de influencias, ¿que hai do tan traído e levado tópico acerca da influencia de Curros en Celso Emilio?*

- Tiñan unhas cousas curiosas en común, mesmo parecido físico: a fronte de Curros e a de Celso Emilio parécense moito; se lle pos barbas a Celso Emilio Ferreiro, verás que garda un parecido físico increíble coa cabeza da estatua de Asorey que ten Curros en Celanova.

Quizais Curros fose sempre unha presenza moi próxima para Celso Emilio e, probablemente fose un modelo que se lle cultivou dende a infancia, como tamén pasaba na miña casa.

En Celanova, mesmo nas clases populares, un críase sempre dentro do mito de Curros, ¡un poeta maldito pola Igrexa!

Por outra banda, o carácter rebelde de Curros, o carácter político e civil da súa poesía, tiña que ser forzosamente do agrado de Celso Emilio Ferreiro; agora

ben, son dúas estéticas completamente diferentes: Celso é plenamente un poeta do seu tempo e non hai nada nel de decimonónico.

- Como historiador da Literatura Galega, ¿observas algunha influencia de Celso Emilio noutros poetas?

- Do mesmo xeito que houbo un *amadocarbballismo*, houbo un celsoemilioferreirismo. A influencia de Celso Emilio está entre os máis novos pero tamén está entre os poetas da súa idade; por exemplo, sen ir máis lonxe, ten un libro Casado Nieto, *O ronsel do meu silencio*, por certo, moi bonito, que é moi celsoemiliano. Eu non sei se é influencia ou se é coincidencia; hai, dende logo, unha especie de escola que se forma aí. Pero, agás o caso concreto de Casado Nieto que, precisamente nese libro, se mostra coma un excelente poeta, pois non hai outros que merezan a pena.

Nos máis novos, quizais apareza algunha pegada en *Palabra de honor*, de Arcadio López Casanova, onde a influencia de José Hierro e doutros poetas casteláns aparece conxugada coa de Celso Emilio Ferreiro, dando como resultado un libro magnífico.

Aparece tamén en Manuel María a pegada de Celso Emilio; por exemplo, hai un poema de Celso Emilio que comenza: *Eu son un pasmón/ peatón / con opinión, /dicindo a verdade núa / pola rúa*, pois Manuel María houbo un tempo en que colleu esta trécola concreta, imitoulle moito isto, con moita gracia por certo, e fixo uns poemas satíricos excelentes. Pero tampouco se pode dicir que Manuel María fose un discípulo de Celso Emilio Ferreiro: Manuel María era xa un poeta feito e dereito antes de que Celso Emilio empezase a editar en galego e seguíu sendo un poeta despois desa época.

-Non quixera rematar esta conversa sen coñece-la túa opinión acerca da conmemoración do Día das Letras Galegas que, como sabes este ano de 1989, a Academia dedícallo a Celso Emilio Ferreiro. ¿Cres que esta homenaxe é de merecida xusticia?

- A min paréceme moi ben que se faga, e farei todo o posible por colaborar con todo o mundo que dignifique a memoria de Celso Emilio Ferreiro. Agora ben, concedeullo a Academia porque llo foi pedir a Fundación “Celso Emilio Ferreiro”, que é do PSOE. O ano pasado pediullo a Agrupación “Solpor” de Celanova, coído que llo pedíu tamén o Patronato “Curros Enríquez” do que eu formo parte, e non obtiveron resposta. Polo tanto, isto hai que interpretalo coma un acto de sumisión e de servilismo ó PSOE.